



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xestión de organizacións de benestar social

Materia	Xestión de organizacións de benestar social			
Código	005G220V01605			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Nieto Castro, María Belén			
Profesorado	Nieto Castro, María Belén			
Correo-e	belnietoc@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Materia destinada a introducir o alumnado na xestión de entidades que realizan a intervención social tanto dende o sistema publico, organizacións non gubernamentais como empresas socialmente responsables.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
C17	Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
C18	Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
C20	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
C22	Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
C23	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
D2	Capacidade de organización e planificación
D8	Capacidade de xestión da información
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D21	Liderado
D22	Iniciativa e espírito emprendedor
D23	Motivación pola calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
2. Coñecer os elementos do funcionamento da organización e servizos do benestar social.	A2 A3	B5	C14 C20	D2 D12 D22
3. Adquirir destrezas de xestións do traballo en equipo, da programación do traballo e colaboración interprofesional e interinstitucional.	A4	B6	C1 C14 C17 C20 C22	D2 D8 D11 D12
4. Coñecer os distintos enfoques da xestión, o liderazgo e a calidade nos servizos humanos públicos e privados.	A2 A4	B6	C1 C14 C18	D11 D21 D23
5. Ser capaz de participar na administracións de recursos e servizos, colaborando nos procedementos impricados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a calidade.	A2 A5	B5	C17 C18 C23	D2 D8 D23

Contidos

Tema	
Organizacións que realizan a intervención social	Concepto. Tipos. Historia del asociacionismo. Lexislación. Creación.
Xestións de Organizacións que fan a intervención social.	A intervención social. Procesos básicos de xestión: Planificación estratéxica.
A decisión: a toma de decisións, teorías.	Concepto. Clasificación das decisións. A Planificación estratéxica.
A interlocución: comunicación e traballo en equipo.	A interlocución como proceso de xestión. O traballo en equipo.
A supervisión nas organizacións de intervención social.	Documentación necesaria. Normativa.
O liderazgo na teoría da xestión.	Tipos de liderazgo. Liderazgo para la calidad.
O control e avaliación de organizacións de intervención social.	A avaliación dentro da planificación estratéxica.
A xestión de recursos humanos: planificación y evaluación de recursos humanos.	Concepto. Subprocesos. Postos de traballo. Xestión do voluntariado. Relacións laborais. Saúde laboral.
A xestión económica-financiera	Patrimonio da entidade. Principios de contabilidade. Formas de financiación. O marketing.
A xestión da información: sistemas de comunicación interno e externos	Comunicación- Teoría dos sistemas. Sistemas de comunicación internos e externos.
Xestión de recursos materiais	Finalidade. Elementos.
Xestión de intercambios, as relacións e as redes asociativas.	Finalidade. Redes asociativas actuais.
A xestión da estruturación.	Diseño. Cambio de estruturas.
A calidade e excelencia na xestión da intervención social.	Finalidade. Normativa

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	17	13	30
Traballo tutelado	6	11	17
Eventos científicos	3	1	4

Resolución de problemas de forma autónoma	6	36	42
Seminario	9	17	26
Exame de preguntas obxectivas	2	16	18
Cartafol/dossier	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	3	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.
Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores/as de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Atención a dudas e preguntas planteadas polo alumno no desenrolo do traballo.
Resolución de problemas de forma autónoma	Atención a preguntas e dudas planteadas polo alumno no desenrolo do traballo.
Seminario	Atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas ca materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Supervisarase continuamente a realización e recopilación da documentación .

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas de forma autónoma	Planteamientos de problemas que os alumnos deben resolver en clase.	10	A2 A3	B5	C14 C20	D2 D8
Exame de preguntas obxectivas	Relación de preguntas ,tipo test ou de resposta curta, relacionadas co temario.	40	A4 A5	B5	C1 C18 C20	D2 D8 D23
Cartafol/dossier	Recopilación ,exposición e entrega de documentos elaborados polos estudantes. Que recompila información sobre oa traballos, proxectos, tarefas realizados durante o proceso de formación.	20	A3 A4 A5	B5	C14 C17 C18 C22 C23	D2 D8 D21 D22
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.	30	A2 A3	B5	C14 C20	D2 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade de Educación e de Traballo Social, campus Ourense. No espazo de datas de exame.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto como aprobadas neste curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

A. Avaliación Continúa.

A avaliación das/os estudantes matriculadas/os na materia farase atendendo aos criterios explicados na guía docente.

A avaliación continua implica unha asistencia mínima a un 80% das aulas

A avaliación será preferentemente continua, o estudantado que renuncie á avaliación continua poderá optar pola avaliación global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido de 15 días dende o inicio das clases.

Como pode observarse a planificación do proceso ensinanza-aprendizaxe concibe como unha avaliación continua e esixe a presenza do estudantado nas actividades prácticas que se desenvolverán ao longo do curso.

A avaliación do estudantado presencial relizarase según:

1) *Examen de preguntas obxetivas sobre os contidos teóricos.* Exame de preguntas tipo tes ou curtas. Valorándose sobre 10. Terá que superar o 5 para estar aprobado. É dará o 40% da nota final do estudante.

2) *Avaliación das diferentes actividades.* Terán que ser presentadas todas aquelas practicas realizadas na aula. Serán avaliadas as prácticas relacionadas sobre a creación de unha entidade, a súa estrutura, e o seu libro de actas. Valoraranse sobre 10. Terán que superar o 5 para estar aprobada esta parte. É dará o 50% da nota final do estudante.

O estudante terá que ter todas as partes aprobadas para superar a materia.

Sendo así, esixiráselle ao estudantado a súa presenza nas actividades durante o curso -verificable con listas de asistencia- non podendo faltar a máis do 90% das clases prácticas durante o cuadrimestre dun total de 22 clases prácticas (distribuídas en 15 de grupo mediano e 7 de pequeno grupo). Sinalar que non chega con asistir á clase, nin que o que se avalía é a asistencia do/a estudante.

Para a avaliación da parte práctica, o profesor poderá pedir a defensa individual o grupal de cada una das prácticas do cartafol dossier.

Quede expresamente claro que a docente non pedirá ao estudante explicación ningunha de por que non acode á clase e, tendo en conta que a asistencia ás clases na Universidade non son obrigatorias. Tampouco aceptará «escusas» ou «desculpas» respecto das ausencias deste.

Se o/a estudante deixa de asistir á clase, sexa cal sexa a circunstancia, terá que optar pola segunda modalidade de avaliación (coa única excepción de enfermidade xustificada con certificado médico ou pasamento dun familiar próximo; situacións das cales se solicitará acreditación).

B. Avaliación Global

Aqueles estudantes que opten por non asistir ás clases prácticas, ou non poidan, ou pretendendo ser «estudantes asistentes» teñan máis de o faltas na parte práctica da materia (grupos medianos e pequeno grupo), terán que demostrar igualmente que os seus compañeiros a adquisición das diferentes competencias da materia.

Isto farano nunha única proba ou exame final o día da convocatoria oficial. Que constará de dúas partes, unha parte teórica e outra parte practica. Realizando unha a continuación da outra.

-Os dous exámenes suporán o 100 % da nota final do estudante.

-O exame constará de dúas partes:

1. Examen con preguntas da parte teórica, as mesmas que terá todo o alumnado; supoñerá o 50 % da nota final. Tendo que sacar como mínimo un un 5 sobre 10, para considerarse aprobado.

2. Exame con preguntas da parte práctica que será realizado despois da primeira parte. Consistirá en preguntas curtas ou tipo test.

-Cada exame suporá o 50 % da nota final, tendo que sacar como mínimo un 5 sobre 10, para considerarse aprobado.

-Terán que ter superados os dous exames, con un 5, para poder realizar a media aritmética entre as dúas notas, e poder superar a sinatura se superan o 5 na media aritmética.

-A parte teórica da materia pódese estudar por completo a través da bibliografía básica recomendada.

-En canto á parte práctica, esixiráselle ao alumnado que saiba responder os contidos conceptuais, actitudinais e de procedementos desenvolto ao longo do curso e demostre ter adquiridas as competencias específicas da materia. Esta parte pode estudala a través de textos existentes na biblioteca, dos apuntamentos da clase, e realizando os traballos de grupo mediano e grupo pequeno.

C. Modalidade de Avaliación para Estudiantes do curso ponte.

Os estudantes que decidan optar pola avaliación global e Curso Ponte, deberán poñerse en contacto coa profesora para notificar esta opción a comezos de curso e sempre antes do prazo establecido.

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

D. Convocatoria Extraordinaria (2ª oportunidade)

As probas (parte teórica o parte práctica) superadas na 1ª oportunidade, no serán obxecto de avaliación na 2ª oportunidade, considerándose aprobadas nese cursos académico. Non se gardarán notas dun curso a outro.

A 1ª oportunidade, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria extraordinaria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Fantova Azcoaga, Fernando, **Manual para la gestión de la intervención social**, 2, Editorial CCS, 2005

Bolunta, **Manual de gestión asociativa**,

Análisis y desarrollo social.cons, **Guía de planificación estratégica en ONG de acción social**, Plataforma de ONG de Acción Social,

García Ares, Maricarme, **Manual básico de documentación administrativa**, 2, Xunta de Galicia, 2006

Bibliografía Complementaria

Fantova Azcoaga, Fernando, **La gestión de organizaciones no lucrativas**, 2001

Vivanco Borja, **Cultura y técnicas de gestión en las ONGs**, 2001

Vernis, Alfred, **La gestión de las organizaciones no lucrativas**, 1998

Alberich Nistal, Tomás, **Guía fácil de asociaciones. Manual de gestión para la creación, desarrollo y dinamización de entidades no lucrativas.**, 978-8490312957, 2, Editorial Dykinson, S.L., 9 enero 2013

Vernis, Alfred, **Los retos en la gestión de las organizaciones no lucrativas**, 2004

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo social e cooperación ao desenvolvemento/O05G220V01905

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Organización dos servizos sociais/O05G220V01205

Habilidades sociais e de comunicación do traballo social/O05G220V01402

Servizos sociais especializados I/O05G220V01304

Servizos sociais especializados II/O05G220V01406

Avaliación de programas sociais/O05G220V01901

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos

